

En defensa do sistema público de pensiones



CG

En defensa do sistema público de pensións

Importancia dun sistema público de pensións

A misión principal dun Estado debe ser a de fortalecer uns servizos e uns sistemas de protección social públicos que garantan ás cidadás e os cidadáns aqueles dereitos considerados esenciais e unhas condicións de vida dignas, inherentes a súa condición de membros dunha sociedade e de acordo ao recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos. Entre eses dereitos está o dereito universal a unha pensión digna e iso só o garante un sistema público de pensións.

Compre lembrar que os sistemas públicos de seguridade social son unha conquista histórica da clase traballadora. A súa existencia é resultado do recoñecemento polos Estados dun proceso nacido da organización de grupos de traballadores e traballadoras que se unen para protexerse solidariamente ante os accidentes, enfermidades, maternidade, velez e a morte. A seguridade social foi pois o logro dunha loita a prol duns intereses de clase concretos coa finalidade de contribuír a distribuír a riqueza e corraxir as desigualdades sociais.

As prestacións do sistema de público de pensións son recursos económicos que o Estado redistribúe, xerados por unha parte do salario dos e das traballadoras e, por outra, dos custes da actividade económica das empresas.

Ninguén cuestiona, a estas alturas da historia, a necesidade dun sistema de pensións o que se cuestiona é o carácter público do mesmo. Levan moitos anos, especialmente desde as diversas fundacións de estudos das entidades financeiras, pondo en dúbida a viabilidade do sistema público e a necesidade de, cando menos, ir cara a sistemas mixtos.

O aumento da esperanza de vida xunto á baixa taxa de natalidade, que leva a un envellecemento da poboación, é o seu principal argumento para vaticinar a quebra do sistema público e polo tanto a necesidade de apostar por sistema privados ou

mixtos. Ata o momento, os malos augurios destes grandes “expertos”, ben pagados polas entidades financeiras, non se cumpriron.

Segundo estes sesudos informes o sistema público xa ia ser deficitario nos anos 1995, 2000, 2005, 2010 e agora din que no 2050. Curiosamente foi a partires do ano 2000 que se comezou a dotar o fondo de reserva cos excedentes do sistema, chegando a acumular ata 65.830M€ que se encargou de dilapidar o PP coas súas contrarreformas laborais, favorecendo despedimentos masivos, devaluando salarios, incrementando os contratos a tempo parcial, flexibilizando a xornada laboral, reducíndolle ás empresas as cotizacións á seguridade social vía tarifas planas e outras bonificacións, das que se benefician mesmo as grandes empresas con beneficios millonarios. Só coas tarifas planas calcúlase que a seguridade social deixou de ingresar 2.457 M€ (dato do ano 2014).

O feito de que non se cumpriran esas previsións catastrofistas, sobre o futuro das pensións públicas, garda relación co feito de que hai outros moitos factores a ter en conta, a parte do avellamento da poboación, a hora de avaliar a saúde do sistema, que os autores do informe deliberadamente ocultaron. Estamos a falar de factores como: a taxa de actividade, a produtividade, os niveis salariais, o tipo de contratación, a extensión da economía somerxida, a inmigración e outros.

O que leva ás entidades financeiras a esta suposta preocupación polas pensións futuras e a súa aposta por un sistema complementario de carácter privado, non é a súa sensibilidade nin o seu interese social, son razóns puramente de interese económico. Trátase de amedrentar á poboación para que a súa capacidade de aforro a dirixan aos fondo privados de pensións. Pode haber algo máis “suculento” para una entidade financeira que mes a mes che depositen unha cantidade de diñeiro a moi longo prazo, co pago

de intereses ao vencemento, sen capital garantido, sen control sobre o uso do mesmo...? Sen dúbida é a captación de fondos máis proveitosa que existe e un dos grandes negocios dos bancos e compañías de seguros.

Neste sentido, os fondos privados de pensións acumulaban a nivel mundial, ano 2013, un patrimonio de 18,1 billóns de euros, o equivalente ao 33,9% do PIB mundial (datos da Asociación Internacional de Fondos de Investimento). Polo que respecta ao Estado español, o patrimonio que acumulan é de 113.111 millóns de euros (datos da patronal INVERCO), tendo como obxectivo a patronal do sector incrementar estes fondos en máis dun 400% ata aproximarse aos 600.000M€ de patrimonio. Este prato tan suculento e o que xustifica a campaña permanente de descrédito e de reformas do sistema público de cara a dificultar o acceso a unha pensión pública e reducir a contía a cobrar de cara o futuro. Mesmo xa se fala, entre outras medidas, de impor plans privados por empresa a través da negociación dos convenios colectivos, medida que todo indica que contaría co apoio da patronal e as principais forzas políticas e sindicais españolas.

O que ocorre é que, e esta é unha das grandes contradicións coas que se atopa o capital financeiro español, non se pode estar a deseñar un mercado laboral precarizado, no que un 60% das familias teñen dificultades para chegar a final do mes e ao tempo estarlles a pedir que aforren e o invistan en plans privados de pensións. As contas non dan.

Nun sistema privado de pensións quedarían fora do sistema aquelas persoas que non puideran facer apartacións individuais e en ningún caso estaría garantido o cobro dunha pensións ao final da vida laboral, xa que en caso de quebra financeira do fondo, o aforrador perdería todo o aportado. Abundantes casos se produciron nos últimos anos en Estados Unidos e máis se producirían, mesmo en Europa, se os Estados non saísen a rescatar, con fondos públicos, aos bancos.

A maioría dos fondos privados teñen unha rendibilidade moi baixa ou negativa, se temos en conta a inflación, e máis baixa sería se non fose pola desgravación fiscal que acompaña ás cantidades que aí se depositan, aínda que este tratamento fiscal desaparece no momento do cobro da pensión, ao ter que o beneficiario facer fronte aos correspondentes impostos. En todo caso, esta desgravación fiscal favorece fundamentalmente ás rendas máis altas. Calcúlase que estes incentivos fiscais teñen un custo para o erario público da orde de 1.200 millóns de euros anuais.

A todo o anterior compre engadir que a falta de previsións ou incapacidade económica de moitas e moitos cidadáns de aforrar o longo da vida, a información imperfecta da maioría da poboación, tanto dos distintos fondos privados existentes como das súas propias necesidades de aforro en función da esperanza de vida, etc, daría lugar a situacións de miseria extrema, o que obrigaría ó Estado a intervir para a súa protección.

Fronte a información pois que se nos transmite das vantaxes e da solvencia dos fondos privados de pensións respecto ao sistema público, dicir, que é un dato obxectivo que iso non é certo, todo o contrario, o realmente seguro é o sistema público pois sempre vai ter detrás a garantía do Estado. A favor do sistema público está tamén a súa equidade, o seu carácter redistributivo. A existencia de pensións mínimas e máximas, introduce este efecto redistributivo o sistema que en caso de ser privado desaparecería, xa que a contía das pensións estaría única e exclusivamente ligada ás aportacións do aforrador.

É dicir, os sistemas públicos non so teñen un carácter asignativo (dotar de rendas nos períodos inactivos), senón tamén redistributivo.

Sobran os argumentos para a defensa dun sistema público de pensións, sobre todo cando enfronte so temos a avaricia pura e dura do sistema financeiro.


A sustentabilidade das pensións públicas, un problema político e non económico

Ata a firma dos pactos de Toledo non había segregación entre as contas do Estado e da Seguridade Social, foi a partir de aquí cando se separan as fontes de financiación quedando a cargo dos orzamentos do Estado os complementos a mínimos e as prestacións non contributivas e as prestacións contributivas a cargo das cotizacións sociais, preferentemente.

Esta separación de fontes é meramente instrumental, a Seguridade Social, a protección social non é algo distinto do Estado ou accidental senón unha

responsabilidade deste. A separación de fontes tan so debería ser un instrumento de transparencia.

Se o sistema de Seguridade Social español o analizamos como parte integrante do Estado, que é o que é, vemos que non é nada caro, é dos máis baratos da Unión Europea. A sustentabilidade do sistema de pensións non é un problema económico senón político, vexamos senón a porcentaxe de gastos que supón hoxe e a proxección para o ano 2050, segundo un informe da Unión Europea, dos diferentes Estados da eurozona:



Fonte :
*Revista
Seguridad
Social.*


O gasto, en relación o PIB, do sistema público de pensións no Estado español (EE) é reducido se o comparamos cos países do seu entorno. Destinamos a elo o 10,7% do PIB, cando a media da Eurozona ten un gasto do 12,2% do PIB, e no conxunto da UE do 11,3%. Tan so Luxemburgo e Irlanda destinan menos a pensións que o EE.

Sen modificar o sistema, e segundo o informe da UE, no ano 2050 o gasto no EE acadaría o 14% do PIB. É dicir, teríamos que destinar a pensións públicas, dentro de 34 anos, o mesmo que hoxe gastan países como Italia, Austria ou Francia, e parece que sen demasiado problema.

Outro factor moi relevante a ter en conta é que a presión fiscal no Estado español é a máis baixa despois de Irlanda. No ano 2014 acadaba o 34,3% do PIB, 6 puntos inferior ó conxunto da Unión Europea que se situou, para as mesmas datas, no 40% do PIB e o 41% na zona euro. Os

orzamentos do Estado teñen que ser garantes de que o sistema público de pensións teñan recursos suficientes para cubrir as necesidades para toda a poboación dunhas pensións dignas. E iso pode estar asegurado cunha política fiscal xusta e equitativa na que pague máis aquel que máis ten, que persiga o fraude fiscal pondo os recursos necesarios e que elimine os paraísos fiscais.

Hai riqueza e recursos suficientes para manter os servizos e os sistemas públicos de protección social, o que compre e ter o interese e as políticas necesarias para que os mesmos estean ao servizo das maiorías sociais e non ao servizo dos intereses das elites financeiras. Un exemplo disto é que practicamente todo o aumento da produtividade na última década transferiuse ás corporacións transnacionais, á especulación, as grandes fortunas e aos altos directivos.



O país coa carga fiscal máis elevada era Dinamarca, co 50,8% do PIB; seguido de Bélxica e Francia nos que a presión fiscal acadaba o 47,9% do PIB.

A marxe de acción do Estado español, dentro dos parámetros da UE, é moi elevada, xa que temos unha presión fiscal moi baixa e un gasto en pensións relativamente baixo tamén se o comparamos co resto dos estados.

Comézase a tratar a Seguridade Social como algo “alleo” ao Estado e paralelamente comezaron os ataques ao sistema público. A ofensiva

comezou polos anos 90, cando, sobre todo desde os servizos de estudo de varios bancos emitiron informes pondo en cuestión a viabilidade do sistema.

Ata o ano 2012 o sistema tivo superávit, o que o levou a esta situación de déficit foi a crise e tódalas políticas (reformas laborais, incremento de reducións nas cotizacións...) que se impuxeron neste período, supostamente para superar a mesma.

No cadro seguinte, a evolución do fondo de reserva, permítenos facer a anterior aseveración.



O Fondo de Reserva é un fondo especial creado para pagar as pensións contributivas e que se poida usar en caso de necesidade. Está destinado para atenuar os efectos negativos que podan ter no pago das pensións as situacións de crise ou ciclos económicos baixos.

A idea de crear este Fondo xurdiu na década dos 90 nos Pactos de Toledo, formalmente creouse en 1997, pero ata o ano 2000 non se dotou cos primeiros fondos. Desde este ano e ata o 2012, o superávit do sistema de pensións permitiu incrementar ano a ano este fondo, acadando neste data os 65.830 millóns de euros. Foi tamén a partires deste ano cando o Goberno español empezou a acudir ao fondo para facer fronte as desviacións económicas; a dotación do mesmo a 1 de xullo de 2016 era de 25.176 millóns de euros.


O fondo estase rematando, pero é que, fora da mala xestión que o goberno está a facer del, o certo é que foi creado precisamente para facer fronte a situacións de “recesión “ económica, cando o gasto do sistema de pensións fora superior ós ingresos. O grave non é polo tanto que o Fondo se utilice, o grave é que logo de 10 anos as consecuencias da crise económica permanezan, o que ten que levarnos á conclusión de que o que compre e cuestionar e criticar as políticas implantadas nestes anos polos gobernos que debilitaron o propio sistema público.

As políticas seguidas de precarización do mercado laboral e devaluación salarial, non só provocaron a caída dos salarios dos traballadores e traballadoras que se mantiveron no mercado de traballo, senón que provocaron que os novos traballadores e traballadoras estean a entrar nunhas condicións retributivas moi precarias. Recordemos que segundo a axencia tributaria máis do 18% dos asalariados teñen ingresos inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional, 4 puntos máis que o inicio da crise.

Baixada de salarios implica baixada de cotizacións co cal, aínda que medre o número de cotizantes, a recadación das cotizacións sociais medra moito menos. Así hoxe, aínda que temos máis cotizantes que no ano 2011 (recordemos que neste ano o sistema tiña superávit), o sistema ten déficit.

Evolución da afiliación media - España	
2006	18.667.599
2007	19.231.986
2008	19.136.055
2009	18.020.470
2010	17.670.376
2011	17.433.161
2012	16.853.210
2013	16.299.515
2014	16.555.988
2015	17.087.348
2016/Octubre	17.813.356

Fonte: Tesorería xeral da SS.



Unha vez conseguido este deterioro das condicións salariais, enmárcase a sostibilidade do sistema de SS única e exclusivamente en “cantos producen”, non en “canto se produce” ou en “como se distribúe a riqueza”.

Se so influíra cantos producen, hoxe hai máis afiliación de media no Estado que no ano 2011, e recordemos que no ano 2010 o sistema aínda non tiña déficit. Non é polo tanto un problema de “cantos ou cantas”, senón de que “salarios se teñen”, que “tipo de contrato” e de “canto” se cotiza.

Nestes últimos 30 anos a renda per cápita practicamente se duplicou, polo tanto hai recursos. O problema é como esta distribuída esta renda e como medraron as desigualdades neste período. Estamos a falar pois dun problema político de redistribución de recursos e de cómo se “cargan fiscalmente” eses recursos.

Pero xa ó marxe de cuantos cotizan e de canto cotizan, separar as fontes de financiación, leva a que continuamente se este avaliando a sostibilidade do sistema, cando anteriormente non era así. Foi logo da firma dos Pactos de Toledo, cando este disxuntiva saltou a palestra.

Os Pactos de Toledo, comisión formada por

parlamentarios de distintos partidos políticos, creouse no ano 1995, para tratar e analizar todo o relacionado coa sostibilidade do sistema de pensións. Entre os seus acordos, ademais da creación do Fondo de Reserva, estivo a separación e clarificación das fontes de financiación, algo, por outra parte que non se rematou de facer ata finais do ano 2013. Isto supuxo, ademais, que as pensións contributivas se abóanse con cargo a cotizacións sociais e as non contributivas (e tamén os gastos sanitarios e asistenciais) con cargo os orzamentos xerais do estado.

Como se dixo antes, ata o ano 2013, non se rematou de facer a separación de fontes e continuouse pagando parte das pensións non contributivas con cotizacións sociais, e non estamos falando dun montante precisamente pequeno, calcúlase en torno ós 49.000 millóns de euros os fondos destinados a este fin. De non ser así, estes engrosarían o Fondo de Reserva, pero so se fala do que interesa.

E non debemos esquecer que, tamén no Pacto de Toledo, se propuña actualizar e mellorar os incentivos fiscais dos plans privados de pensións para complementar a pensión pública.

As últimas reformas e o sistema hoxe

Logo deste Pacto, e xa baixo o criterio de que os gastos non poden ser superiores aos ingresos, iníciase unha serie de recortes das pensións, non porque nese momento houbera poucas cotizacións senón para “asegurar a viabilidade do sistema no futuro”, en clara referencia ao efecto do “baby boom” a partir do 2030. Por ese motivo tamén se crea o Fondo de Reserva, saqueado e practicamente desmantelado desde que entrou o PP no goberno.

En 1997 dáse un recorte moi importante, especialmente para todas aquelas persoas con menos de 25 anos cotizados e particularmente ás mulleres con carreiras profesionais mais curtas, entre outras modificacións, incrementouse o período de cálculo da base reguladora e os coeficientes en función dos anos cotizados. Buscábase entón unha “maior proporcionalidade” entre o cotizado e o cobrado, en detrimento do principio de solidariedade predominante. Iso que eles chaman “racionalización” significa que o sistema público

debe irse achegando á lóxica do sistema privado.

A reforma do 2011 comporta uns recortes abondosos e moi visibles, xa que se aumenta ate 25 anos para o cómputo da base reguladora, aumentanse os anos para cobrar a pensión completa, a idade de xubilación fíxase no 67 anos e establécense outros recortes como na integración das lagoas de cotización, prexudicando a todo o mundo pero, outra vez, especialmente ás mulleres. Con iso, os promotores da reforma (PSOE, CCOO, UGT e CEOE) aseguraban que o futuro das pensións estaba asegurado e ademais nese intre o Fondo de Reserva tiña preto dos 66.000 millóns de euros. Compre denunciar aquí, para vergoña especialmente das centrais sindicais asinantes, do inxusto que é aumentar a idade de xubilación para todos os grupos de traballadores e traballadoras cando hoxe hai datos obxectivos de que as persoas de maior renda e de cualificación profesional máis elevada, no Estado español,

viven de media case 10 nos máis que as de renda máis baixa e menor cualificación profesional.

Pero no 2013, a maioría absoluta do PP impón unha nova reforma con efectos expropiatorios para os pensionistas. As pensións xa non soben cada ano igual o IPC oficial, senón o 0,25% como mínimo e o IPC máis 0,50 como máximo. Calcúlase que cando menos na próxima década non se superará o famoso 0,25. No 2016 perderemos medio punto de poder adquisitivo e segundo as previsións governamentais no 2017, o 1,15%. Si a inflación aumenta como é previsible as perdas anuais do poder adquisitivo serán máis importantes

E, ademais, a partir do 1 de xaneiro de 2019 aplicárase o “factor de sostenibilidade” o que significa que a cantidade a cobrar de pensión vai estar en función da esperanza de vida. Polo tanto, canto máis esperanza de vida teña o pensionista máis baixa será a súa pensión. E a esperanza de vida ven aumentando cada ano, por sorte, mesmo nas épocas de crise.

Con estas dúas medidas o poder adquisitivo das pensións diminúe considerablemente cada ano, expertos economistas e actuariais recoñecen que está habendo unha depreciación progresiva das pensións que no 2050 calculan se situaría entre un 30 e un 40% de perda do seu valor.

Como desde o Pacto de Toledo, o Estado non é o garante das pensións senón o equilibrio entre gastos e ingresos do propio sistema, a solución sempre ven do lado de recortar o gasto. É a solución que empobrece aos pensionistas presentes e futuros e que tanto gusta aos bancos e compañías aseguradoras.

E que é o que van a facer agora no Pacto de Toledo? Haberá que esperar porque inda non se sabe nada certo. Pero as propostas que están sobre a mesa non son máis que parches que ameazan novos recortes no futuro.

Sexa como sexa, o dereito a unha pensión digna pasa por esixir a responsabilidade do Estado en garantila.

Galiza non é deficitaria en recursos para pagar as pensións

Neste debate interesa desmentir outra grande mentira, insistentemente divulgada, sobre que Galiza ten un déficit entre cotizantes e pensionistas, para afondar na propaganda de que estamos subsidiados.

Galiza ten máis de 300 mil traballadores e traballadoras emigrados no resto do Estado que cotizan para a Seguridade Social nestes lugares, pero os que fan as estatísticas ignoran a propósito este feito. Cando moitas e moitos deles ao remate da súa vida laboral retornan a Galiza, as súas pensións constan como transferencias, criándose así artificialmente un déficit de pensións. A isto temos que engadirlle o feito de que son moitas as empresas con centros de traballo en Galiza que cotizan e pagan todos os impostos en Madrid, e este é un proceso vai en aumento.

O non ter en conta todos estes feitos, de forma interesada, por parte da Administración

do Estado, dos medios de comunicación e do españolismo en xeral, permítelles estar incidindo permanentemente nesa idea de que o cobro das pensións galegas dependen da solidariedade dos demais, especialmente a rexión madrileña. Cando o que sucede realmente é que Madrid se está a beneficiar deste desenvolvemento desigual, inxusto e colonizador.

Compre ter en conta todos estes datos para deixar claro que o sistema público de pensións en Galiza, ou mesmamente un sistema público galego, é posíbel, viábel e capaz por si mesmo. Máis para iso compre termos todas as competencias legais e normativas necesarias para que, entre outras cousas, sexa en Galiza onde se faga o pago dos impostos e das cotizacións sociais, por ser onde están radicados os centros de traballo, e non sexa posíbel desviar a Madrid, por ser o lugar onde está a sede central das Empresas.

PROPOSTAS

Toda as nosas propostas van pola vía de aumentar os ingresos, que entendemos é o principal problema que ten agora o sistema. Alternativas, moitas delas, recollidas pola CIG na ILP das 100 medidas para a creación de emprego en Galiza, así como nas Propostas da CIG en materia laboral e social para unha nova lexislatura.

A CIG é defensora do sistema público de reparto e reivindica todas aquelas medidas que fortalezan o seu carácter solidario e de xustiza social, rexeitando toda reforma parcial que tenda a desmantelalo ou debilitalo. Os poderes públicos, o Estado, debe garantir a estabilidade e a suficiencia económica do sistema, xa que o dereito a unha pensión digna ten que ser un dereito fundamental para toda a cidadanía, así como un elemento redistributivo e de igualdade social.

A defensa que a CIG facemos do sistema público de pensións, enmárcase na nosa aposta estratéxica para que en Galiza sentemos as bases para facer realidade un sistema público galego, viábel e capaz por si mesmo. Por iso, reivindicamos o traspaso á nosa nación da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social previsto no Estatuto de Autonomía. Así como, de todas as competencias legais e normativas necesarias para que, entre outras cousas, sexa en Galiza onde se faga o pago de todos os impostos e de todas as cotizacións sociais, por ser onde están radicados os centros de traballo, e non sexa posíbel desviar a Madrid, por ser o lugar onde está a sede central das Empresas.

En calquera caso, e no marco actual, a creación de emprego estábel, en condicións dignas, con salarios xustos, constitúe o mecanismo prioritario para dotar de recursos suficientes o sistema de pensións, presente e futuro. Cómpre pois, políticas que dean prioridade á creación de emprego de calidade e ao aumento dos niveis salariais, ao contrario xustamente das que se fixeron nos últimos. A Xunta de Galiza ten que promover un plan estratéxico de apoio aos nosos sectores produtivos, que fomente a creación de emprego na nosa terra e remate coa lacra da emigración que levamos tanto tempo padecendo.

A separación das fontes de financiamento da pensións debe entenderse como un mero instru-

mento administrativo, contábel, representativo dunha xestión transparente e racional, pero sen que elo implique, en absoluto, unha separación económica e política das obrigas e responsabilidades do Estado como garante dunha pensión pública digna para toda a cidadanía.

As cotizacións sociais debe servir para financiar o nivel contributivo das pensións, incluíndo dentro das mesmas a pensión de orfandade e viuvez, mentres que o nivel non contributivo e asistencial debe financiarse a través do orzamentos do Estado. En calquera caso, o Estado sempre será o responsábel, vía transferencias orzamentarias, de cubrir calquera déficit que se poda producir no sistema, incluídas as pensións contributivas.

A derogación das contrarreformas laborais e da negociación colectiva (Lei 35/2010, RDL 20/2012, Lei 3/2012), así como a derogación das reformas das pensións do 2011 e 2013. Neste sentido, é urxente rematar coas diferentes formas de tarifas planas e bonificacións das cotizacións á seguridade social.

A derogación das últimas reformas fiscais, a loita contra a evasión, a fraude e os paraísos fiscais, son as bases para un cambio radical das políticas fiscais, camiñando a unha verdadeira progresividade nos impostos, como a CIG propoñemos na ILP das 100 Medidas, o que lle permitiría ao Estado ter recursos suficientes para manter o sistema público de pensións, así como os demais servizos e sistemas de protección públicos. En todo caso, compre rematar xa con todas as desgravacións fiscais para os Planos Privados de Pensións.

A maiores do anterior, desde a CIG reclamamos as seguintes medidas para fortalecemento do sistema público e das súas prestacións :

- Eliminación dos topes máximos de cotización á Seguridade Social, mantendo uns topes máximos nas prestacións económicas.
- Eliminación das desgravacións fiscais nos plans privados de pensións.
- Xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Xubilación voluntaria ao cumprirse 35 anos de cotización á Seguridade Social, reais ou compensados pola aplicación de coeficientes redutores naquelas profesións que os teñen asignados.

- Cálculo da Base Reguladora determinado polas bases de cotización dun período de dez anos elixido pola persoa beneficiaria, de entre a súa carreira de cotización, actualizando todos os anos co IPC do período transcorrido até a data de devengo da pensión.
- Estabelecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación en novas profesións. Así mesmo, debe procederse a unha revisión e mellora dos mesmos.
- Pensión mínima do mesmo importe que o Salario Mínimo Interprofesional, para o que corresponde incrementar o complemento a mínimos a cargo dos ingresos fiscais do Estado.
- Revalorización anual das pensións, como mínimo coa evolución do IPC.
- Eliminar as discriminacións ou penalizacións existentes, nas condicións legais de acceso á pensión, daquelas persoas empregadas a tempo parcial.

ANEXOS

Pensións. Estado Español. (datos a xaneiro da cada ano)						
Total réximes - España						
	2010	2011	2013	2014	2015	2016
Total clases	8.614.876	8.749.054	9.008.348	9.154.617	9.282.732	9.353.988
Incapacidade permanente	930.831	935.514	940.843	932.045	928.967	934.846
Xubilación	5.097.112	5.203.364	5.402.863	5.523.066	5.621.781	5.686.975
Viuvez	2.282.687	2.302.060	2.331.812	2.345.930	2.356.966	2.354.686
Orfandade	266.436	270.488	295.221	315.546	336.331	338.208
Favor familiares	37.810	37.628	37.609	38.030	38.687	39.273

Fonte: IGE

Importe medio pensións. Estado Español. (datos a xaneiro da cada ano)						
Total réximes						
	2010	2011	2013	2014	2015	2016
	Importe medio	Importe medio	Importe medio	Importe medio	Importe medio	Importe medio
Total clases	772,6	797,9	849,6	864,92	879,52	896,3
Incapacidade permanente	845,7	865	904,39	912,89	920,85	927,53
Xubilación	875	905,9	969,89	990,96	1.011,28	1.033,23
Viuvez	568,8	583,6	614,88	621,47	627,82	634,57
Orfandade	348,7	357,6	372,34	370,57	368,87	373,15
Favor familiares	455,9	470,6	497,63	505,6	513,17	522,5

Fonte: IGE

Pensións. Galicia. (datos a xaneiro da cada ano)						
	2010	2011	2013	2014	2015	2016
Total clases	719.158	724.827	737.072	744.106	750.817	753.154
Incapacidade permanente	68.868	69.503	69.933	69.304	68.543	68.745
Xubilación	442.543	446.334	454.584	460.108	465.392	467.517
Viuvez	182.203	183.342	185.500	186.429	187.287	186.922
Orfandade	20.045	20.085	21.383	22.540	23.743	23.966
Favor familiares	5.499	5.563	5.672	5.725	5.852	6.004

Fonte: IGE

Importe medio pensións. Galicia. (datos a xaneiro da cada ano)						
	2010	2011	2013	2014	2015	2016
Total clases	645,9	668	714,06	728,22	741,49	756,24
Incapacidade permanente	730,2	750,5	793,65	803,97	812	821,64
Xubilación	718,7	745,1	801,2	820,35	838,75	857,81
Viuvez	477,4	490,6	518,18	524,56	530,42	537,07
Orfandade	344,7	353,8	367,61	365,97	363,63	367,21
Favor familiares	418,1	431,9	460,78	464,87	469,04	474,29

Fonte: IGE

Afiliacións en alta. Media mensual. Galicia	
Ano	Total
2010	1.012.789
2011	985.950
2012	946.229
2013	917.355
2014	921.838
2015	941.192
2016/Novembro	968.544

Fonte: IGE

